

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 4 de novembro de 2020 pola que se redistribúen os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Resolución do 19 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para os anos 2020-2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN421G).*

Mediante a Resolución do 19 de xuño, que foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 129, do 1 de xullo, establecéronse as bases reguladoras e convocáronse subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para os anos 2020-2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

O financiamento da convocatoria correspóndese con fondos comunitarios derivados do programa Galicia 2014-2020 Feder nun 80 %.

No transcurso do procedemento administrativo de concesión das axudas, cando xa rematou o prazo de presentación de solicitudes (3.8.2020), nalgunha das epígrafes o número de solicitantes é inferior ao agardado, mentres que noutras o volume de axuda solicitada superou a dispoñibilidade orzamentaria, cómpre facer unha redistribución de fondos entre as distintas epígrafes para poder atender todas as solicitudes presentadas.

De acordo co disposto no artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior, coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recursos públicos, maximizando o impulso das enerxías renovables atendendo a totalidade das solicitudes en cada unha das epígrafes da convocatoria.

#### RESOLVO:

Primeiro. Modificar o crédito destinado ás subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para os anos 2020-2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desen-



volveremento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020, que se redistribúe do seguinte xeito:

| Liña de axuda | Destinatarios                | Aplicación orzamentaria | Dotación orzamentaria inicial |                         |                                     | Modificacións                  | Dotación orzamentaria final |                         |                         |
|---------------|------------------------------|-------------------------|-------------------------------|-------------------------|-------------------------------------|--------------------------------|-----------------------------|-------------------------|-------------------------|
|               |                              |                         | Importe anualidade 2020       | Importe anualidade 2021 | Dotación orzamentaria total inicial | Modificacións dotacións totais | Dotación total final        | Importe anualidade 2020 | Importe anualidade 2021 |
| Biomasa       | Administración pública local | 09.A2.733A.760.5        | 650.000,00 €                  | 40.000 €                | 690.000,00 €                        | 262.000,00 €                   | 952.000,00 €                | 862.188,68 €            | 89.811,32 €             |
|               | Empresas e autónomos         | 09.A2.733A.770.5        | 625.000,00 €                  | 100.000 €               | 725.000,00 €                        | -395.000,00 €                  | 330.000,00 €                | 298.867,92 €            | 31.132,08 €             |
|               | Entidades sen fins de lucro  | 09.A2.733A.781.1        | 125.000,00 €                  | 10.000 €                | 135.000,00 €                        | 213.000,00 €                   | 348.000,00 €                | 315.169,81 €            | 32.830,19 €             |
| Xeotermia     | Empresas e autónomos         | 09.A2.733A.770.6        | 450.000,00 €                  | 45.000 €                | 495.000,00 €                        | -75.000,00 €                   | 420.000,00 €                | 380.377,36 €            | 39.622,64 €             |
| Aerotermia    | Empresas e autónomos         | 09.A2.733A.770.6        | 500.000,00 €                  | 50.000 €                | 550.000,00 €                        | 18.000,00 €                    | 568.000,00 €                | 514.415,10 €            | 53.584,90 €             |
| Solar térmica | Empresas e autónomos         | 09.A2.733A.770.6        | 50.000,00 €                   | 5.000 €                 | 55.000,00 €                         | -23.000,00 €                   | 32.000,00 €                 | 28.981,13 €             | 3.018,87 €              |
| Total         |                              |                         | 2.400.000 €                   | 250.000 €               | 2.650.000,00 €                      | 0,00 €                         | 2.650.000,00 €              | 2.400.000 €             | 250.000 €               |

Segundo. A presente modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará apertura de prazo para presentar novas solicitudes.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2020

Ángel Bernardo Tahoces  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

